

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 31-07-2026, ditou a resolución con número 2221/2026 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento da Comisión de Valoración e convocatoria para a valoración de méritos do proceso selectivo para o Concurso Específico de provisión de postos de traballo de Administrativo/a (Grupo C, Subgrupo C1; Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa), Xefaturas de Negociado, do Concello de Carballo.

Expediente: 2025/E001/000016

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1220/2026, do 28 de abril de 2026, aprobáronse as bases e a convocatoria pública do concurso específico para a provisión de postos de traballo de Administrativo/a (Grupo C, Subgrupo C1; Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa), Xefaturas de Negociado, do Concello de Carballo.

De conformidade co establecido nas bases da convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes foi de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Segundo.- Mediante Resolución da Alcaldía Nº: 2049/2026 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, que foi publicada no BOP da Coruña o día 24/07/2026, abríndose un prazo de dez (10) días hábiles para a presentación de alegacións e emendas.

Terceiro.- Unha vez subsanadas por todas as persoas aspirantes excluídas as causas de exclusión e examinada a documentación incorporada ao expediente, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, así como no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para o Concurso Específico de provisión de postos de traballo de Administrativo/a (Grupo C, Subgrupo C1; Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa), Xefaturas de Negociado, do Concello de Carballo, segundo se recolle no anexo I.

Segundo.- Nomear a Comisión de Valoración encargada da avaliación dos méritos das persoas aspirantes, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

- Titular:D^a. **Carmen Del Río Rodríguez**, Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.
- Suplente:D^a. **María Lorena Rey Paulos**, Técnica de administración do Concello de Carballo.

Vogais:

- Titular 1º: Dª. **Irache Enriquez Albaina**, Interventora do Concello de Carballo
Suplente: 1º: Dª. **Ana María Prieto Martínez**, Viceinterventora do Concello de Carballo.
- Titular 2º: D. **Miguel Piñeiro Souto**, Secretario do Concello de Santiago de Compostela.
Suplente: Dª. **María Carmen Pereiro Felipez**, Técnica de normalización lingüística do Concello de Carballo.
- Titular 3º: D. **Juan Antonio Rey Rivas**, Tesoureiro do Concello de Carballo.
Suplente : D. **Francisco Javier Fraga Piñeiro**, Xefe do Servizo de Tesouraría e Recadación.

Secretaria:

- Titular: Dª **Marina Núñez Orjales**, Secretaria do Concello de Carballo.
Suplente: Dª. **Milagros Antelo Cameán**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Terceiro.- Convocar a todos os membros da Comisión de valoración para a sesión constitutiva con antelación suficiente para a **realización do primeiro exercicio da fase de concurso** que terá lugar o **martes 11 de agosto de 2026 ás 09:30 h.** na Sala de Xuntas do Concello de Carballo.

Cuarto.- Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I.

Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento da Comisión de Valoración e convocatoria para a valoración de méritos do proceso selectivo para o Concurso Específico de provisión de postos de traballo de Administrativo/a (Grupo C, Subgrupo C1; Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa), Xefaturas de Negociado, do Concello de Carballo, en calquera das circunstancias descritas no artigo 10 do EBEP e no artigo 23 da LEPG.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	ALVAREZ RAPOSO	REBECA	***1022**
2	BELLO VARELA	VIRGINIA	***6721**
3	COUSILLAS GONZALEZ	ALEJANDRO	***3152**
4	FERNANDEZ SANDA	MARIA LUZ	***8633**
5	IGLESIAS BANIOLA	MARIA ROCIO	***2923**
6	RECAREI AÑON	VITOR	***3140**
7	VALIÑO BERTOIA	ANA MARIA	***1169**

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretario
Marina Núñez Orjales